

# O Mosteiro de CARBOEIRO



## CONDICIÓNS E NORMAS PÚBLICO EN XERAL

- Podedes contactar connosco para consultar a dispoñibilidade de datas ou calquera dúbida a través do correo electrónico [visitas@mosteirodecarboeiro.com](mailto:visitas@mosteirodecarboeiro.com) ou dos teléfonos 986572267 e 685860772.

- O cumprimento e envío da ficha de inscrición supón a aceptación das presentes normas e condicións.

### PROCESO DE INSCRICIÓN

No caso de ser grupos pertencentes a asociacións ou outras entidades, pequenos grupos como parellas, amigos ou visitantes individuais, deberedes chamar ou enviar a ficha de inscrición on-line e poñerémonos en contacto con vós para pautar as condicións e o importe da reserva.

### ANULACIÓNS E CAMBIOS DE DATA

-Para anular a visita será preciso comunicalo polo menos cunha anterioridade de 5 días lectivos á data fixada. Sendo así devolverase o importe da reserva. No caso de anular a actividade pasado ese período non se devolverá o importe da reserva, salvo motivos de forza maior debidamente xustificadas.

- Poderase solicitar o cambio de data da visita ata 5 días lectivos antes da súa realización. Sendo así non se efectuará ningún cargo adicional.

- En caso de mal tempo poderase pospoñer a visita sempre que haxa mutuo acordo entre o responsable do grupo e a organización. Neste caso non se realizará ningún cargo adicional.

## **PERSOA DE CONTACTO E RESPONSABLES ACOMPAÑANTES**

- A persoa de contacto estará dispoñible durante o proceso de solicitude e reserva nos teléfonos e horarios de contacto detallados na ficha de inscrición.
- Preocuparse para que o grupo respecte o contorno, o monumento e os diferentes materiais da actividade.
- Intervirá nos posibles conflitos entre os/as participantes.

## **RECOMENDACIÓNS**

- A inscrición pódese facer durante todo o ano. Aínda así recomendamos realizala canto antes, xa que as datas adxudicaranse por orde de chegada das solicitudes.
- Levar roupa cómoda e calzado apropiado.

## **PREZOS**

**Tarifa xeral:** 4 €.

**Tarifa reducida** (rapaces e rapazas menores de 18 anos e adultos maiores de 65 anos): 3,5 €.

**Visita gratuíta:** nenos e nenas menores de 8 anos.